

AS CENTRAIS DE BOMBEO: UNHA NOVA AMEAZA PARA OS NOSOS RÍOS

Fins Eirexas*


Novos aproveitamentos hidroeléctricos ameazan os sobreexplotados ríos galegos. Son as centrais de bombeo. Proxectos no Miño (Belesar III e Os Peares III) por parte de GN-Fenosa; no Sil (Santo Estevo II e Santa Cristina) de Iberdrola, e Edrada-Santo Estevo de GN-Fenosa; e no Limia (Salas-Cunchas), tamén de GN-Fenosa, atópanse xa en execución ou en diferentes fases de tramitación.

A razón destas centrais de bombeo ou de ciclo reversíbel non é outra que especulación enerxética. Trátase de aproveitar a "luz barata" xerada cando a demanda é baixa (usualmente pola noite e fins de semana) para bombear auga dende un encoro a un lago elevado ou a outro encoro a maior cota, turbinándoa cando a demanda fai que o prezo do quilovatio estea alto, xeralmente durante a xornada laboral. Tal acontece, por exemplo, con instalacións de bombeo próximas a centrais nucleares (como a de Iberdrola en Cofrentes, Valencia). Úsase a enerxía nuclear que non se vendeu para "transformala" en enerxía verde e colocala con sobreprezo no mercado eléctrico, á costa dos fondos públicos en primas e da prioridade que o quilovatio hidroeléctrico ten sobre as demais fontes de xeración.

Lonxe de significar, como demostraremos máis adiante, unha medida para mellorar a eficiencia, promover a suficiencia ou proporcionar estabilidade ao subministro eléctrico, estes proxectos son para ADEGA un inmenso timo, unha estafa perpetrada coa cooperación necesaria das administracións, cómplices dun verdadeiro lavado de megavatios suxos e dunha descarada malversación de fondos públicos.

OS IMPACTOS

No aspecto ambiental, as empresas intentan camuflar o impacto destes proxectos argumentando que estas centrais non precisan da construción de novos obstáculos nos ríos: Certo. Mais calan ou minimizan os efectos que a execución das faraónicas obras, de entre catro e seis anos de duración, que suporán a construción de centrais en caverna, de quilómetros de tubaxes soterradas e tendidos eléctricos, e mesmo de lagos artificiais de dúcias de hectáreas, terán en áreas de altísimo valor natural. Xeraranse millóns de toneladas de entullos que será preciso "redistribuír" en parques de áridos con



Operacións Salas-Cunchas.

superficies por veces maiores dun millón de m², sobre paisaxes tan privilexiadas como as da Ribeira Sacra, ou en plena Reserva da Biosfera Gerês-Xurés, con especies tan emblemáticas como a aguiá real.

Os impactos sobre os ecosistemas fluviais afectados son tamén considerábeis. As obras obrigarán á seca total ou a rebaixar notabelmente o caudal do Miño, Sil e Limia durante meses e de xeito recorrente mentres duren as obras. Particular impacto terá o proxecto de central reversíbel de Santa Cristina que partindo do encoro de Santo Estevo, vai elevar a auga até un lago situado na parte alta do canón do Sil de 35 Ha de extensión. A paisaxe da Ribeira Sacra, Patrimonio da Humanidade e LIC da Rede Natura, mudará para sempre.

Outras veces, o bombeo faise dun encoro a outro. É o caso dos bombeos de Belesar e Os Peares no Miño, do proxecto Edrada (Mao)-Santo Estevo (Sil), e da

central do encoro de Salas (Salas) ao das Cunchas (Limia). Este último proxecto, en trámite por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, pretende facer un *by-pass* entre dous encoros, un deles, o das Cunchas, con graves problemas de eutrofización. Habida conta do mal estado ecolóxico deste encoro, fortemente eutrofizado polas verteduras da actividade agrogandeira e con continuos episodios de floración de cianobacterias tóxicas, resulta moi posíbel que a toxicidade acabe estragando o de Salas.

AS MENTIRAS DAS ELÉCTRICAS


1. Xestión de vales e puntas de demanda: Preténdese facer ver que a electricidade que non se consume nun momento dado "pérdese", esquecendo que paralelamente á xestión da demanda (que debería ir orientada cara a súa redución), debería xestionar tamén a oferta reducindo a xeración de enerxía cando non se precise. Porén, as empresas empregan o concepto de eficiencia enerxética de

xeito interesado e perverso. Esquecen que previa á eficiencia está o aforro e que unha parte do aforro consiste en non producir enerxía se esta non vai ser consumida, habida conta de que na súa produción, incluídas as fontes renovábeis, xéranse importantes impactos ambientais e que na súa distribución á rede pode perderse até o 30% da enerxía xerada. Por tanto, desde o punto de vista da eficiencia ecolóxica, a mellor enerxía non é a renovábel, senón a que non é preciso producir. Estas eléctricas non teñen pensado reducir a súa xeración de enerxía nin sequera no actual contexto de crise económica, malia a que na documentación dos seus proxectos constatan un "retraso da demanda". Ben ao contrario, as empresas pretenden mesmo aumentar esta produción co único e pouco disimulado obxectivo de "rendibilizar" unha enerxía que nun momento dado non poden colocar no mercado, en troques de aforrar a súa xeración.

2. Puntas ocasionais na produción de renovábeis: É a tradicional xustificación de moitas centrais de bombeo: Aportar "constancia" ao subministro fronte ás "irregularidades" na produción que teñen algunhas renovábeis, especialmente a eólica. A este respecto, as promotoras non descoñecen que o actual parque da xeración enerxética estatal está composto por un "mix" de varias fontes, mesmo renovábeis con subministro moi previsíbel e estábel (hidroeléctrica, solar) e que algunhas das "non renovábeis" tradicionalmente consideradas como as garantistas do sistema pola súa estabilidade, están suxeitas tamén a variacións e indeterminacións que poderían comprometer a súa continuidade. Razóns económicas, políticas, etc., poden condicionar de xeito determinante os prezos e a dispoñibilidade destas enerxías no mercado, alén dos posibles accidentes que poderían obrigir, como aconteceu en Xapón despois de Fukushima, ao apagado de todas as nucleares. E tamén a respecto da estabilidade, non foi esta a xustificación empregada polo goberno español en 2010 para aprobar o Decreto 134/2010 de axudas ao carbón, que primaba a queima de carbón estatal fronte ao importado e aos ciclos combinados?


Na documentación dos proxectos, as eléctricas amosan, ao referirse ao réxime de funcionamento das centrais, cal vai ser o ciclo de operacións (ver Figura 1). Pódese apreciar que lonxe de atender a motivos conxunturais (atender a puntas ocasionais na produción de renovábeis), o réxime de funcionamento (bombeo de fin

ADEGA




Plano da central hidroeléctrica reversible en caverna de Edrada-Santo Estevo.

ADEGA



Plano da central reversible en caverna de Santa Cristina, nos Canóns do Sil.



Esquema dunha central hidroeléctrica reversíbel en caverna.

de semana e os días de diario turbinado pola mañá e bombeo pola noite) deixa claro que o verdadeiro obxectivo do proxecto é colocar no mercado, cando a demanda (e o prezo) é máis alta (horario laboral), a enerxía acumulada mediante bombeo no encoro superior, turbinándoa en momentos de baixa demanda (noites e fins de semana). Ulas as supostas puntas de produción das renovábeis? Ou é que o vento sopra máis pola noite que polo día?

Logo de desmontado o argumento da "febleza" do subministro das renovábeis e da necesidade de xestionar os excedentes, cómpre avaliar cal é a procedencia desta enerxía que, mediante bombeo, quere almacenarse nun encoro. A este respecto, confírmase outra volta o que ADEGA e outras organizacións ecoloxistas vimos denunciando a respecto das centrais de bombeo. Na documentación dos proxectos recóllese que "a electricidade almacenada nos intres de menor demanda virá xeralmente dun 'mix' de xeración baixo en C –eólica e nuclear– con menor participación dos ciclos combinados de gas". Por tanto, non son unicamente as renovábeis as responsábeis deste "exceso" de produción non colocado. Tamén as nucleares e as centrais de gas contribúen a xerar a electricidade (non renovábel e contaminante) que é usada para bombear auga en períodos de baixa demanda e que despois, ao ser turbinada, é convenientemente "lavada" en megavattios "limpos" e colocada no mercado a un prezo superior, mesmo primado con axudas públicas.

Por outra banda, as empresas aluden reiteradamente nos seus proxectos ao aumento da produción eólica tanto a nivel galego como estatal. A nivel galego, dos 2.325 MW licitados pola actual Xunta no último concurso (2010) apenas

só se instalou un 2% a día de hoxe, e a nivel estatal, a supresión das primas aos novos proxectos renovábeis supuxo un brusco parón no desenvolvemento destas enerxías.

3. Autoabastecemento: É outro argumento relacionado coa dependencia eléctrica do "exterior" do Estado español. No entanto, as promotoras destes proxectos en Galiza non consideran o ámbito galego como a referencia válida neste caso. Por que non entón o ámbito peninsular ou europeo? De facelo, e considerando a suficiencia eléctrica galega, comprobarían que Galiza é excedentaria na produción de electricidade e que a demanda industrial e urbana está por baixo da capacidade de produción das centrais autóctonas. A este respecto, o concepto de autoabastecemento cómpre ligalo ao aforro e á eficiencia. Ao aforro porque, como xa se dixo, a mellor enerxía é a que non é necesario producir, e tendo acadado Galiza a suficiencia eléctrica (por certo cunha importante porcentaxe de renovábeis, ao contrario que outros lugares do Estado) non precisaría producir máis. E á eficiencia, porque alén de que no proceso de bombeo existe un déficit enerxético neto de arredor do 30%, a electricidade producida por este e outros proxectos similares non vai ser consumida polo tecido económico galego senón que será exportada á meseta, sufrindo novas perdas durante o transporte que poderían supoñer outro 30%.

4. Cumprimento do Protocolo de Quioto: Xerar electricidade "limpa" evitando a emisión de CO₂ é outra das escusas coas que as eléctricas xustifican estes proxectos. Porén, o incumprimento sistemático por parte do Estado español das condicións fixadas polo Protocolo de Quioto non vén dunha baixa xeración de enerxía

procedente de fontes renovábeis. Vén da non diminución (agás nestes últimos dous anos, e debido á crise económica e á caída do consumo) das fontes que queiman combustíbeis fósiles. A este respecto, tanto no Estado como en Galiza non se produciu unha substitución á "alternativa" (de aí precisamente a denominación das renovábeis como alternativas) entre as enerxías limpas e as sucas. Ben ao contrario, incrementáronse ambas as dúas. Por tanto, a cuestión non debería ser cantas emisións de CO₂ vai "aforrar" a construción destas centrais de bombeo, senón cantos dos megavattios producidos en Galiza con carbón e gas van ser substituídos (e consecuentemente cantos grupos térmicos van deixar de emitir) ao poñer en marcha estes proxectos. A resposta é ben sinxela: cero. E por certo, no seu balanço de gases, as eléctricas fan só referencia ás supostas (ficticias, como acabamos de amosar) emisións "evitadas". Esquécense de cuantificar, por exemplo, os gases emitidos pola combustión dos motores que durante os 5 ou 6 anos de obras vai emitir a maquinaria, especialmente os camiións de gran tonelaxe que transportarán os entullos até as entulleiras a razón de 327 viaxes diarias (caso da central Salas-Cunchas).

REMATAR CO FRANQUISMO AMBIENTAL

As concesións que o ditador realizou a finais dos 50 por un período de 99 anos deron a estas empresas dereito de perna sobre os nosos ríos. Xa en plena democracia os seus proxectos incumpriron sistematicamente e durante décadas normas como as leis de Pesca Fluvial ou de Augas. En calquera outro país estas aberracións estarían corrixiadas desde hai anos, as instalacións derrubadas, as empresas responsábeis multadas e os seus directivos imputados. En Galiza, váiselles premiar con novas instalacións, incluído o delirante proxecto de lago suspendido e central de bombeo en caverna nos canóns do Sil, en plena Rede Natura. ADEGA esixe da Xunta e do Ministerio o rexeitamento destes proxectos e a apertura de expedientes para a recuperación destas concesións por incumprimento sistemático da normativa de pesca, de augas e ambiental. Hai aínda alguén que se pregunte por que algúns ex-presidentes do goberno e ex-ministros acadan dourados retiros nos consellos de administración das trasnacionais eléctricas?

* Fins Eirexas é Secretario executivo de ADEGA.